


CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

19-20 de maio do 2018

FESTA DE PENTECOSTE



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
CO POBO DE SIRIA QUE SOFRE UNHA GUERRA INXUSTA,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE
E COA NATUREZA MALTRATADA POLOS INCENDIOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 n° 82 A Cristo cantamos

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

Por moito que falemos de respecto para quen pensa, vive ou cree diferente, o certo é que non nos afacemos, cústanos entender que non todo o mundo pensa e actúa coma nós. Mesmo parece que só nós sabemos achegarnos a Deus, e os demais están no camiño equivocado.

O Pentecoste que hoxe celebramos fálanos de pluralidade, lémbra-nos que Deus fai posible a milagre de entendernos “grazas” ás diferenzas.

Neste día pousamos con dor a nosa mirada nas xentes e nas terras polas que camiñou Xesús. Palestina, Israel, Gaza, Cisjordania ... viven violencia, lonxe de entenderse están facéndose dano sen respectarse o máis mínimo. Nin sequera un cento de mortos abundan, a nosa oración está con todas as vidas inocentes (tamén coas familias das persoas accidentadas en Cuba).

ACOLLIDA DA AUGA

Fai cincuenta días fixemos festa na celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade dos Cotos, e agora aquí ante esta auga de vida que nos une en parroquia, queremos lembrar os compromisos, queremos sentirnos confiados en Deus. El é un Pai que nos acolle nas súas mans, queremos deixarnos bendicir coa vida coa que nos agarima.

Achegámonos e renovamos o noso confiar en Deus santiguándonos coa auga ou co xesto da aspersión

♪ **nº 81 (pode cantarse A auga do Señor)**

Celebrante Agradecemoslle a Deus os dons da vida cos que El nos agasalla, e facémolo dicindo

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

* Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeches renacer á vida do evanxeo

* Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes

* Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa pola alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

Celebrante

A Pascua é seguir as pegadas de Xesús, é escoitar a súa voz, é crer que está á beira de Deus Pai, hoxe, enviándonos o seu Espírito Santo, esperando que nos comprometamos de verdade. Así o facemos agora:

- Comprometémonos a vivir a fe sendo exemplo do Deus que nos ama e que nos dá o seu Espírito?
- Comprometémonos na paz e no perdón, porque veñen de Deus e aseméllannos a El?
- Comprometémonos a ser crentes lembrando que Deus fai a milagre de entendernos na pluralidade?

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Celebrante rematamos a primeira parte da celebración orando, agradecéndolle a Deus o seu Espírito, presentándolle a nosa oración doída cos accidentados en Cuba, e preocupados polo que está sucedendo en Palestina.

(silenzo)

Deus, Noso Pai, no misterio desta festa de Pentecoste santificas a toda a túa Igrexa no medio das nacións. Estende os dons do teu Espírito dun cabo ao outro da terra e realiza tamén hoxe nos corazóns dos teus fieis a milagre que o teu amor obrou nos comezos mesmos de vida da Igrexa, por Cristo, Noso Señor.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

No Leccionario B páxina 163

LECTURA

LECTURA DO LIBRO DOS FEITOS

♪ **nº 3 Unha xuntanza de amor**

SALMO


(en pé) No Leccionario B páxina 166

EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO EVANXEO DE SAN XOÁN

(sentad@s) gardamos uns instantes de silenzo para acoller a palabra no corazón

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste día de Pentecoste, rematando a Pascua, deixámonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo e proclamamos coas nosas voces o que pregoamos na celebración da vixilia pascual  **SI, CREEMOS**

Monitor/a

Credes en Deus, Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima coas súas mans abertas e cheas de tenrura?

SI, CREEMOS

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido, sempre disposto a acoller e a dar unha man para mellorar a vida dos demais?

SI, CREEMOS

Credes no Espírito de Deus, que nos alenta esperanza para soñar con outro mundo máis acolledor, que nos alenta forza para berrar ante as inxustizas, que nos alenta amor para coidar da nosa Terra?

SI, CREEMOS

Credes na Igrexa, unha Igrexa que se fai crible en comunidade, dando unha man para facer do mundo e da natureza fogar coidado no que todos os homes e mulleres son respectados?

SI, CREEMOS

(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante *Movidos polo Espírito, que clama en nós ao Pai, dicimos: Verte o teu Espírito*

Monitor/a

1. Verte sobre o mundo o teu Espírito de vida, oremos
2. Verte sobre a Igrexa o teu Espírito de santidad, oremos
3. Verte sobre os poderosos o teu Espírito de caridade e servizo, oremos
4. Verte sobre os pobres o teu Espírito de liberdade, oremos
5. Verte sobre os enfermos o teu Espírito de consolo, oremos
6. Verte sobre os que reciben os sacramentos o teu Espírito de fortaleza, oremos
7. Verte sobre todos os que te buscan o teu Espírito de sabedoría, oremos
8. Verte sobre a nosa comunidade o teu Espírito de amor, oremos
9. Verte nas terras de Siria e Palestina o teu Espírito de paz, oremos

Celebrante *Envíanos, Pai, o teu Espírito, énchenos coa abundancia dos seus dons, para que na vida de cada día sexamos testemuñas do evanxeo de Cristo noso Señor. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante Imos agora rezar a oración do “noso pai”. Todos collemos nas súas mans, todos somos fillos e fillas no seu corazón. Así de confiados rezamos agora, pedíndolle que non nos deixe caer na tentación de crérmonos mellores que os demais NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante Como igrexa e comunidade todas as mans valen, todas son necesarias, cando queren sementar paz. Seguindo as pegadas e o espírito de Xesús somos mensaxeiros de reconciliación, vivimos na responsabilidade do respecto con todo e con todos, e esperamos que todo e todos nos traten con respecto. Dámonos agora a paz.

CANTO 🎵 *nº 36 Fagamos a paz irmáns*

COMUÑÓN

Celebrante: Pola man dos apóstolos aquela primeira comunidade, chea do Espírito, abría as portas, e botaba a andar. Atrevidos, nas diferenzas, saíron a anunciar a Boa Nova.

Agora nós compartimos arredor dunha mesa, cheos do Espírito, sentíndonos ditosos e convidados a este banquete da Pascua do Señor.

CANTO 🎵 *nº 55 No colo da miña nai*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Señor, ti concediches a túa Igrexa os dons eternos. Conserva en nós a graza que nos deches, para que o Espírito Santo sexa sempre a nosa forza, por Cristo noso Señor. Amén

Celebrante Hoxe remata a Pascua, a luz do cirio pascual que temos acendido no medio da asemblea ao longo das últimas sete semanas apágase xa; só a acenderemos nalgún dos grandes momentos que afecten a un irmán ou irmá da comunidade: un bautizo, unha primeira comunión, unha confirmación ou un enterro. Os que temos descuberto a Cristo na Pascua, temos que ser luz para os demais, que non se apague a luz da fe que levamos dentro.

Apágase o cirio pascual 🎵 *nº 82 A Cristo cantamos*

Que o Señor da PAZ, o BO PASTOR RESUCITADO,
nos bendiga,†
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

Avísase das misas (ver folla do mes)